

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE MARZO DE 2023.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día oito de marzo de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO E SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenzas licenza urbanística para execución de melloras de accesibilidade mediante baixada a cota cero do ascensor consistente na eliminación de tres peldaños, execución de novo foso a cota inferior e substitución do ascensor actual en edificio de vivendas sito na rúa Quiroga Ballesteros, número 13, (exp.: 2022/Y001/000225).

Tamén se acorda a denegación da licenza urbanística para o derribo e vaciado de edificacións existentes na rúa San Froilán, números 16-18 (exp.: 2020/Y001/000236).

Así mesmo, acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para instalación de ascensor no edificio de vivendas sito na rúa San Lourenzo, número 11 (exp.: 2022/Y001/000049); para a execución de vivenda unifamiliar de planta baixa sen aproveitamento baixo cuberta no núcleo rural tradicional de Marcoí, parroquia de Santa María Alta (exp.: 2020/Y001/000227); para construír unha vivenda unifamiliar en Valín, parroquia de Santalla de Bóveda (exp.: 2021/Y001/000122); para legalización de ampliación e modificación en axencia de transportes na rúa do Comercio parcela 164 (exp.: 2022/Y001/000267) e para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar, na rúa Padre Sarmiento, número 14 (exp.: 2021/Y001/000243).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a prórroga do contrato dende o 21/06/2023 ata o 20/06/2024 ou período inferior ata a adxudicación e formalización de novo contrato para a prestación do dito servizo no expediente de contratación do servizo de axuda no fogar no Concello de Lugo (exp. ref. 2018-72).

Do mesmo xeito, acordase a resolución definitiva do contrato por incumprimento de obrigas esenciais, no expediente de contrato administrativo correspondente á subministración (adquisición), instalación e mantemento integral de 57 desfibriladores para edificios e instalacións municipais do Concello de Lugo. Exp. ref. 2021-C0004-000016.

Tamén se acorda o proxecto de parcelación de bens municipais situados no lugar de Cómaros-A Croa parroquia de Albeiros. Exp. 2020-C022-000001.

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar a solicitude de revisión do cálculo da liquidación das taxas de obras e do imposto sobre construcións e instalación e obras e de desconto dos importes xa aboados. Denegación legalización de obras para a adecuación de local e instalación de ascensor para modificación e ampliación de actividade na rúa San Roque, núms. 161 a 165 e na rúa Rei Don García 26-28.

4. PERSOAL.- Acórdase a execución Sentenza nº 260/2021 de data 31 de marzo do 2021 na que se declaraba nulidade no despedimento de 4 traballadoras coa obrigación solidaria de inmediata readmisión polo Concello de Lugo e Balidea e o abono dos salarios deixados de percibir.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

5. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase aprobar o rexistro de persoas vendedoras do Mercado de Antigüidades 2023.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de
Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de
Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**